

DOMINGO 28 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Is 25, 6-10a

Fará festa o Señor e enxugará todas as bágoas

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Nesta montaña o Señor dos Exércitos ofrecerá a todos os pobos un banquete de boas talladas, de viños anellos, carnes ben condimentadas, viños refinados.

Destruirá nesta montaña o veo que tapa a todos os pobos, a cuberta que cobre a todas as nacións.

O meu Señor, Deus dos Exércitos, destruírá a morte para sempre, enxugará as bágoas de todas as caras, afastará de todo o país a vergonza do seu pobo.

Si, díxoo o Señor. No día aquel dírase:

"Ollade, este é o noso Deus, esperamos nel: El hanos salvar.

Este é o Señor, esperamos nel, gozaremos e alegrarémonos coa súa salvación".

Si, a man do Señor descansa sobre esta montaña

SALMO RESPONSORIAL Sal 22, 1-3a. 3b-4. 5. 6

R/ (6cd): **Habitarei na casa do Señor ao longo dos meus días.**

O Señor é o meu pastor: nada me falta.
Os pastos verdecentes lévame a repousar,
lévame a beber ás augas tranquilas:
El repón as miñas forzas.

Guíame por vereas rectas,
por mor do seu nome.
Se tiver de pasar por vagoadas sombrizas,
ningún mal temería, pois ti vas comigo:
o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego.

Ti pos para min a mesa,
á cara dos meus inimigos;
únxesme con perfume a cabeza,
e a miña copa reborda.

A túa bondade e o teu amor vanme seguindo
todos os días da vida.
Eu habitarei na casa do Señor
ao longo dos meus días.

SEGUNDA Flp 4, 12-14. 19-20

Teño forzas para todo gracias a quen me fai forte

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS FILIPENSES

Irmáns e irmás:

Hoxe sei vivir na miseria e na fartura. En calquera situación estou ensinado para estar farto e para pasar fame; para ter de abondo e para non ter nada. Teño forzas para todo grazas a quen me fai forte. Mesmo así, fixestes ben en tomardes coma vosa a miña dificultade.

O meu Deus, pola súa parte, cubrirá todas as vosas necesidades, conforme a súa riqueza con magnificencia en Cristo Xesús. Gloria a Deus, noso Pai, polos séculos dos séculos. Amén.

ALELUIA Cf Ef 1, 17-18:

O Pai do noso Señor Xesús Cristo ilumine os ollos do noso corazón,
para que saibamos cal é a esperanza da nosa vocación

DOMINGO 28 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 22, 1-10 (breve)

Chamade ás vodas a cantos atopedes

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela Xesús púxose de novo a falarlles en parábolas aos sumos sacerdotes e aos anciáns do pobo:

- Parécese o Reino dos Ceos a un rei que celebrou o casamento de seu fillo. Mandou os seus criados ir chamar polos convidados á voda, pero estes non querían ir.

Volveu mandar outros criados, encargándolles: "Dicídelles aos convidados: Mirade que teño preparado o banquete, xa están mortos os becerros e mailos demais animais cebados; todo está disposto: ¡vide á voda!" Pero eles, sen lles faceren caso, fóronse: un ás súas leiras, outro aos seus negocios. Os demais botáronse aos criados, maltratáronos e matáronos.

Entón o rei, todo indignado, mandou os seus exércitos, que acabaron cos asasinados aqueles e prendéronlle lume á cidade. E díxolles aos criados: "A voda está preparada, pero os convidados non a merecían. Así que ide ás encrucilladas dos camiños; e a cantos atopedes, convidádeos á voda".

Sáíron aos camiños os criados e xuntaron a todos os que atoparon, bos e malos, enchéndose de convidados a sala da voda.

DOMINGO 28 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 22, 1-14 (longa)

Chamade ás vodas a cantos atopedes

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela Xesús púxose de novo a falarlles en parábolas aos sumos sacerdotes e aos anciáns do pobo:

-Parécese o Reino dos Ceos a un rei que celebrou o casamento de seu fillo. Mandou os seus criados ir chamar polos convidados á voda, pero estes non querían ir.

Volveu mandar outros criados, encargándolles: "Dicídelles aos convidados: Mirade que teño preparado o banqueto, xa están mortos os becerros e mailos demais animais cebados; todo está disposto: ¡vide á voda!" Pero eles, sen lles faceren caso, fóronse: un ás súas leiras, outro aos seus negocios. Os demais botáronse aos criados, maltratáronos e matáronos.

Entón o rei, todo indignado, mandou os seus exércitos, que acabaron cos asasinados aqueles e prendéronlle lume á cidade. E díxolles aos criados: "A voda está preparada, pero os convidados non a merecían. Así que ide ás encrucilladas dos camiños; e a cantos atopedes, convidádeos á voda".

Saíron ós camiños os criados e xuntaron a todos os que atoparon, bos e malos, enchéndose de convidados a sala da voda.

Cando entrou o rei para ollar os convidados, viu un home que non vestía traxe de voda e díxolle: "Amigo, como entraches aquí sen traxe de voda?" El ficou caladiño: Entón o rei díxolles aos camareiros: "Atádeo de pés e mans, e botádeo fóra, ás tebras, onde será o pranto e mailo renxer dos dentes".

Porque os chamados son moitos, pero poucos os escollidos.